Primula acaulis acaulis (L.) L., 1754

- cáncaro, primavera, herba de San Pablo
- primavera, prímula, manguitos
- San Jose lore goiztiar, San Jose lorea, udaberri lore goiztiar
- primula acaule, matrimonis, sogra i nora
- primrose
- pão de leite



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ericales**	**Primulaceae**	***Primula***

ORIXE

Oeste e sur de Europa, noroeste de África e suroeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea perenne, de tamaño pequeno a mediano. Follas dispostas nunha roseta baixa e compacta. Son rugosas, de bordes dentados ou crenados, e cun indumento de pelos suaves na marxe. Flores con cinco pétalos aveludados e planos, e poden ser dunha soa cor ou ter bordos dun ton contrastante. O centro adoita ser de cor amarela.

HÁBITAT

Zonas con sombra, como bosques caducifolios e de ribeira, prados húmidos, noiros herbosos e maleza. Prefire solos húmidos pero cunha boa drenaxe. Frecuentemente asociada a beiras de regatos.

DISTRIBUCIÓN

Oeste e sur de Europa, noroeste de África e o suroeste de Asia.

CURIOSIDADES

É unha das primeiras flores silvestres en florecer, marcando tradicionalmente o comezo da primavera.